



EXPTE 62/142

**ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.**

A petición do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir o presente informe xustificativo dos obxectivos das subvencións nominativas para os orzamentos da Concellería de Política Social.

Moitas destas subvencións nominativas figuran nos orzamentos da Concellería dende hai varios anos. As subvencións nominativas mais recentes inclúense no orzamento por decisión superior para a aprobación polo Pleno da Corporación.

Para xustificar os obxectivos agrúpanse por liñas estratéxicas:

**Liña 1.6. Axudas de emerxencia**

Os convenios de colaboración subscritos teñen como finalidade contribuír ao mantemento das actividades das asociacións e, en concreto, facilitar produtos básicos de alimentación destinados a paliar situacións de necesidade.

Axudas sociais de comedores e albergue. Reforzar os recursos de atención inmediata relacionados coa alimentación básica e o aloxamento das persoas e familias mediante programas de alimentos, comedores sociais e albergue.

- Facilitar o acceso á alimentación básica ás persoas e familias sen recursos suficientes, complementando as axudas económicas municipais dispoñibles para estes fins.

- Proporcionar aloxamento temporal complementario do que ofrece o albergue municipal.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
VIDA DIGNA Asociación VIDA DIGNA	G-36884708	2310 4890012	45.000€
FUNDACIÓN SANTA CRUZ H. Misioneros de los enfermos pobres	G-67116756	2310 4890004	57.060€
FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO	G-36899375	2310 4890013	83.000€
FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO- HOGAR SAN JOSE	G-36626174	2310 4890005	23.000€
AFAN Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)	G-36660348	2310 4890003	55.000€
LA SAL DE LA TIERRA	G-03542362	2310 4800013	10.000€



**Liñas 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias. 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia.**

Os convenios nominativos incluídos neste apartado teñen o obxectivo de minimizar os efectos sociosanitarios negativos derivados dalgúñas doenzas ou situacións persoais e, en xeral, mellorar a súa calidade de vida e a das persoas maiores en situación de soidade.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS ENFERMOS MENTAIS DOA	G-36044295	23104800004	10.000€
ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	G-36622835	2310 4890002	20.000€
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	G-36776920	2310 4890010	18.000€
FUNDACIÓN MENELA	G-36685964	2310 4890009	8.000€
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO	G-28197564	2310 4800010	7.000€
ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO	G-36613891	2310 4800005	8.000€
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS MAIORES	G-83625509	2310 4800007	20.000€
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO	G 83117374	2310 4800017	16.000€



**Liñas 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación.**

Teñen o obxectivo de contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crises humanitarias.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAI	G-15924558	2310 4890011	70.000€
ACNUR	G-80757560	2310 4800001	10.000€
UNICEF	G-84451087	2310 4800012	10.000€
ASOCIACIÓN AULAS ABERTAS	G-27794445	2310 4800009	20.000€
FUNDACIÓN MULLERES POR AFRICA	G-86367547	2310 4800008	20.000€
PROGRAMA MUNDIAL BANCO DE ALIMENTOS	N9581063F	2310 4800015	10.000€
ASOCIACIÓN MALEMBE	G-27855220	2310 4800016	10.000€



**Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias.**

O obxectivo dos convenios desta liña é a atención social ás persoas drogodependentes e con outras adicións.

- Apoiar os procesos de deshabitación.
- Posibilitar a efectiva inclusión social destas persoas.
- Ofrecer apoio residencial temporal.
- Ofrecer información, minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, diminuir a marxinalidade do colectivo e prevención do VIH/SIDA e doutras enfermidades transmisibles.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	G-36624963	2310 4800003	10.000€
ÉRGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO	G-36642726	3112 4890000	45.000€
MÉDICOS DO MUNDO EDUCACIÓN NA RÚA	G-9408852	3112 4890001	50.000€

Vigo, data según sinatura electrónica  
O Xefe de Área de Benestar Social  
Jesús Núñez-Torrón López

